

AO Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

A Concelleira María Isabel García Díaz, na súa condición de voceira do grupo municipal espertamonforte! do Concello de Monforte de Lemos, presenta a consideración do Sr. Alcalde o seguinte:

ROGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na proposta da alcaldía de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2020 figura a modificación do calendario fiscal.

Tamén figura a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola recollida, tratamento e eliminación do lixo, establecendo que as actividades que exerzan os profesionais na súa vivenda sen local independente tributen so pola categoría de profesionais.

Respecto da ordenanza fiscal da taxa polos servizos no cemiterio municipal modifícase a tarifa C “*Atencións no cemiterio*” en 5 euros por cabida e a tarifa F “*transmisión por causa de morte*” quedando establecida na metade das porcentaxes actuais.

Modifícase tamén a ordenanza fiscal reguladora pola utilización de edificios municipais para aqueles solicitantes que non podan acreditar a carencia de lucro.

Recollen tamén a necesidade de incrementar as tarifas en concordancia co IPC ao 0,3% coas empresas que prestan servizos de recollida de lixo, abastecemento de auga, rede de sumidoiros e piscina municipal.

Sen embargo, non atopamos ningunha referencia, á rebaixa do IBI Urbán nen rústico, sendo esta unha demanda que xa se ven realizando nos últimos anos por distintos grupos municipais.

Como se pode comprobar nas actas dos plenos, espertamonforte! nunca solicitou explicitamente esta rebaixa, aínda que temos concordado con outros grupos en que se podería haber feito un pequeno axuste neste eido.

Tampouco se contempla a modificación **xa aprobada** por unha moción neste pleno, relativa a bonificación de ata o 90% da cota íntegra do imposto, sempre que o soliciten os interesados antes do inicio das obras, naqueles inmobles que sexan obxecto dunha actividade construtiva de rehabilitación e mellora que sexa declarada de especial interese ou utilidade municipal, por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas, ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Tendo en conta tamén a boa situación económica do Concello, así como o incremento progresivo da recadación polo IBI nos últimos anos...

Rogamos:

- Que se rebaixe o coeficiente do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana, que na actualidade está no 0,605 ao 0,555 entendendo que pode ser perfectamente asumible realizando os axustes precisos en partidas de gastos non tan necesarias.
- Que se contemple a bonificación de ata o 90% da cota íntegra do imposto, sempre que o soliciten os interesados antes do inicio das obras, naqueles inmobles que sexan obxecto dunha actividade construtiva de rehabilitación e mellora que sexa declarada de especial interese ou utilidade municipal, por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas, ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.